

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 20 de xaneiro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. Olga Alonso Suárez
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Angel Rivas González.
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. Javier Pardo Espiñeira
D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día vinte de xaneiro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(29).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinarias e urxentes (dúas) do 30 de decembro de 2016 e ordinaria e extraordinaria e urxente do 5 de xaneiro de 2017. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(30).-PROPOSTA DE CONSTITUCIÓN E NOMEAMENTO DOS MEMBROS DO COMITÉ DE SEGURIDADE DA INFORMACIÓN. EXPTE. 8060/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/17, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica, e polo concelleiro-delegado de dito servizo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 30 de decembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.-Aprobar o documento de “Política de Seguridade da Información” dentro do marco normativo do Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

Esta Política de Seguridade da Información é efectiva desde a data de aprobación da mesma en Xunta de Goberno Local e ata que sexa substituída por unha nova Política.

Segundo.- Publicar o documento de “Política de Seguridade da Información” na Sede Electrónica do Concello de Vigo así como nos sistemas internos de información como Intranet e Portal do Empregado para garantir a súa máxima difusión entre o persoal municipal.

Terceiro.- Tomar coñecemento da documentación esixida dentro do marco do organizativo do ENS formado por:

- Informe de Análise de Riscos.
- Plan de adecuación ao Esquema Nacional de Seguridade.
- Plan de mellora da seguridade.

Cuarto.- Tomar coñecemento do Documento de Seguridade, de acordo co artigo 88 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de 1999, de protección de datos de carácter persoal.

CONSIDERACIÓNS

I. O artigo 156 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público establece que o ENS ten por obxecto establecer a política de seguridade na utilización de medios electrónicos e o seu ámbito de aplicación alcanza a:

- Á Administración Xeral do Estado, Administracións das Comunidades Autónomas e ás Entidades que integran a Administración Local, así como ás entidades de dereito público vinculadas ou dependentes das mesmas.
- Aos cidadáns nas súas relacións coas Administracións Públicas.
- Ás relacións entre as distintas Administracións Públicas.

II. O Real Decreto 3/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica, e a súa modificación que tivo lugar polo RD 915/2015 de 23 outubro, ten como obxecto establecer a política de seguridade na utilización de medios electrónicos e está constituído por principios básicos e requisitos mínimos que permitan una protección adecuada da información. Na disposición transitoria do Real Decreto 3/2010 artículase un mecanismo escalonado para a adecuación ao previsto no Esquema Nacional de Seguridade. De acordo co disposto no artigo 10 do real Decreto citado anteriormente, e de conformidade co establecido na Guía de Seguridade (CCN-STIC-801) pola que se regulan as responsabilidades e funcións no Esquema Nacional de Seguridade establece a constitución e composición do Comité de Seguridade da Información.

III. O Documento de Políticas de seguridade da información aprobado polo acordo da Xunta do Goberno Local do 30 de decembro de 2016 refírese á constitución do Comité de Seguridade da Información. O apartado “Organización da Seguridade” de dito Documento establece que será función da Xunta de Goberno Local a constitución do Comité de

Seguridade da información e no seu primeiro punto establece asimesmo as funcións e a súa composición, estando integrado por: un Responsable da Información, un Responsable do Servizo, un Responsable de Seguridade e un Responsable do Sistema. No segundo punto "Roles: funcións e responsabilidades" identifícanse as funcións, así como o perfil de cada un dos integrantes do Comité de Seguridade.

Para a execución do devandito acordo e a posta en funcionamento da política de seguridade aprobada, resulta preciso nomear aos diferentes responsables con respecto aos perfís deseñados.

1. Respecto do Responsable da Información, establécese que terá o Perfil de Concelleiro de Administración Electrónica. Será a persoa coa potestade de establecer os requisitos da información en materia de seguridade no Concello de Vigo. Determinará os niveis de seguridade da información e encargará ó Responsable de Seguridade a realización de novos análises de riscos. Aprobará os riscos residuais que se aceptarán.

Dito nomeamento atópase no Decreto de delegación de competencias do 19 de xuño de 2015.

2. En relación coa persoa Responsable do Servizo establécese un Perfil de funcionario/a con funcións directivas asignadas por lei ou por guía de funcións. Trátase dunha persoa coa potestade de establecer os requisitos dos servizos en materia de seguridade no Concello de Vigo. Será responsable de:

- Determinar os niveis de seguridade dos servizos e manter estes niveis actualizados, valorando os impactos dos incidentes que afecten á seguridade da información, conforme co establecido no artigo 44 do ENS.
- Realizar, xunto o Responsable da Información e contando coa participación e asesoramento do Responsable de Seguridade, as preceptivas análises de riscos, e seleccionar as salvagardas que se deban implantar.
- Aceptar os riscos residuais respecto aos servizos calculados na análise de riscos.
- Realizar o seguimento e control dos riscos.
- Suspende, de acordo co Responsable da Información e o Responsable de Seguridade, a prestación de un servizo electrónico ou o manexo dunha determinada información, se é informado de deficiencias graves de seguridade.
- O Responsable do Servizo remitirá ó Responsable de Seguridade o resultado das tarefas realizadas no ámbito destas responsabilidades, ao menos una vez ao ano ou a petición do mesmo, reportando o resultado en formato adecuado para una integración da información.

Atendendo ao devandito perfil de persoa funcionaria de natureza directiva e das funcións a desenvolver, debe destacarse a que a intervención xeral é o centro directivo que intervéñ na maior porcentaxe de expedientes administrativos municipais. Esa intervención prodúcese no desenvolvemento da súas funcións de control interno, que tamén abranguen o control e eficacia financeira, que consiste na comparación do rendemento e o custo xerado no funcionamento dos distintos servizos e investimentos e na medición dos obxectivos prefixados o que da ao seu titular dunha visión detallada dos servizos municipais, permitindo valorar o seu alcance e a repercusión que o desempeño do mesmo ten para a institución local.

Todo o cal lle confire un nivel de coñecemento elevado, amplo e profundo da organización e dos servizos que presta a administración municipal e, polo tanto, unha perspectiva global óptima para levar a cabo o rol deseñado para o Responsable de Servizo.

Polo exposto anteriormente, despréndese que a figura do Interventor cumpre co perfil requirido e presenta condicións para desempeñar as funcións asignadas ao Responsable de Servizo.

3. No tocante ao Responsable de Seguridade, establécese o Perfil de Xefe do Servizo de Administración Electrónica. As súas funcións serán as seguintes:

- Será o encargado de manter a seguridade da información manexada e dos servizos prestados por os sistemas de información.
- Será o encargado de establecer as medidas necesarias para cumprir os requisitos de seguridade establecidos polos responsables da información e dos servizos manexados polo sistema e de aprobar os Procedementos de Seguridade da Información.
- Promoverá a seguridade da información manexada e a dos servizos electrónicos prestados polos sistemas de información.
- Analizará e remitiralle ao Comité Municipal da Seguridade da Información toda a documentación relacionada coa seguridade dos sistemas de información para a súa aprobación.
- Realizará o seguimento e control do estado da seguridade dos sistemas de información, para o que verificará que as medidas de seguridade son axeitadas a través da análise de riscos.
- Axudará e supervisará a investigación dos incidentes de seguridade desde a súa notificación ata a súa resolución.
- Elaborará informes periódicos de seguridade para o Comité Municipal de Seguridade da Información, que incluirán os incidentes máis relevantes de cada período.
- Realizará ou promoverá auditorías periódicas para verificar o cumprimento das obrigas en materia de seguridade da información.
- Determinará e establecerá a metodoloxía e ferramentas para levar a termo a análise de riscos.

4. En relación co Responsable do Sistema: require o Perfil dun Técnico superior TIC, que será responsable de:

- Xestionar o Sistema de Información durante todo o seu ciclo de vida, desde as especificacións, a instalación, a verificación e o seguimento do seu funcionamento ata a finalización da súa vida útil.
- Definir os criterios de uso e os servizos dispoñibles no Sistema.
- Definir as políticas de acceso de usuarios ao Sistema.
- Aprobar os cambios que afecten á seguridade do modo de operación do Sistema.
- Determinar a configuración autorizada de hardware e software a utilizar no Sistema e aprobar as modificacións importantes da devandita configuración.
- Realizar a análise e xestión de riscos no Sistema.
- Elaborar e aprobar a documentación de seguridade do Sistema
- Determinar a categoría do sistema segundo o procedemento descrito no Anexo I do ENS e determinar as medidas de seguridade que deben aplicarse segundo descríbese no Anexo II do ENS.

- Implantar e controlar as medidas específicas de seguridade do Sistema.
- Establecer plans de continxencia e emerxencia, levando a cabo frecuentes exercicios para que o persoal se familiarice con eles.
- Suspensión do manexo de certa información ou a prestación dun certo servizo se detecta deficiencias graves de seguridade que puidesen afectar á satisfacción dos requisitos establecidos.

Nestes momentos, o Técnico de Sistemas Francisco José Mourelle Gonzalez efectúa as tarefas, contidas na guía de funcións, relacionadas con:

- As responsabilidades de seguridade corporativa
- Xestión dos sistemas centrais de información
- Realizar a selección, probas e implantación dos diferentes produtos informáticos (máquinas, sistemas operativos, monitores de teleproceso, produtos de comunicacións e paquetes complementarios) necesarios para soportar as aplicacións informáticas e mantemento actualizado dos mesmos
- Recopilar, analizar, elaborar e actualizar documentacións técnicas, normativas, manuais e publicacións internas, sistematizando procedementos e adecuándoos as necesidades da súa área de actividade, así como a súa utilización con fins formativos
- Realizar funcións de auditoría, planificación e control de calidade e seguridade informática en técnicas de sistemas e comunicacións de nivel superior.
- Asegurar o soporte técnico aos grupos de Estudos, Programación e Explotación.
- Promover a implantación e implantar novos medios e técnicas informáticas
Avaliar os sistemas informáticos e recomendar as accións necesarias para optimizar a súa utilización.
- Estudiar e recomendar as técnicas óptimas para ser usadas nas comunicacións internas e externas.
- Dirixir e realizar as accións necesarias para conseguir unha mellor integración entre os distintos sistemas informáticos.
- Estudiar alternativas e aplicarlas para fiabilizar, mellorar e protexer os intercambios de información entre sistemas.
- Realizar as labores de soporte de redes de comunicación e telefonía, internet, intranet e correo electrónico.

Despréndese do contido das anteriores funcións, que cumpre o perfil necesario para o desempeño das funcións propias do Responsable do Sistema.

PROPOSTA

Á vista do exposto, a Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal, a instancia do Grupo de Traballo Sectorial do ENS e ENI, en coherencia con este marco legislativo, propón á Xunta de Goberno Local (órgano competente en virtude de Resolución de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 08/11/2016) a adopción do seguinte

ACORDO:

1. Aprobar a constitución do Comité de Seguridade coas funcións e composición contida no documento de “Política de Seguridade da Información” aprobado por Xunta de Goberno Local o 30 de decembro de 2016.

2. Aprobar o nomeamento dos membros do Comité de Seguridade da Información, de acordo cos perfis esixidos no documento de Seguridade da Información, que a continuación se detallan:
- a) Responsable da Información: D. Javier Pardo Espiñeira, Concelleiro Delegado de Administración Electrónica
 - b) Responsables do Servizo: D. Alberto Escariz Couso, Interventor Xeral
 - c) Responsable de Seguridade: D. Antonio Villanueva Guimeráns, Xefe do Servizo de Administración Electrónica.
 - d) Responsable do Sistema: D. José Francisco Mourelle González, Técnico de Sistemas

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(31).-ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO ENTRE A ADMÓN. XERAL DO ESTADO E O CONCELLO DE VIGO PARA O SUBMINISTRO DA APLICACIÓN "OFICINA VIRTUAL DE REXISTRO"(ORVE) COMO MECANISMO DE ACCESO AO REXISTRO ELECTRÓNICO COMÚN E AO SISTEMA DE INTERCONEXIÓN DE REXISTROS. EXPTE. 8003/113.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/17, asinado polo xefe do servizo de Admón. Electrónica, pola xefa da área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado de dito servizo, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 4 de novembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- *Impulsar a elaboración do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, coa finalidade de deseñar un marco de actuación estratéxico na aliñación das diferentes obrigas legais no desenvolvemento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.*

Segundo.- *A dirección política do Plan corresponderalle ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, quedando facultado para a adopción das medidas executivas e de desenvolvemento que resulten precisas.*

Terceiro.- *Constituir, a efectos de garantir a realización dos traballos materiais precisos, a Comisión Técnica do Plan, que se integrará por:*

–O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns

–A Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dña. Margarita Parajó Calvo

–A Secretaría do Goberno Local, Dña. M^a Concepción Campos Acuña

–O Tesoureiro Municipal, D. Luis García Álvarez

–A Xefa de Servizo de Inspección de Tributos, Dña. M^a del Carmen Pazos Area que poderá propoñer ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para garantir a consecución dos obxectivos previstos no Plan.

Cuarto.- *Todas as áreas e servizos municipais deberán colaborar no desenvolvemento dos traballos de elaboración, desenvolvemento e execución do*

Plan, e cando así resulte oportuno, a Comisión Técnica propondrá ao Concelleiro responsable a constitución, mediante a respectiva resolución, de Grupos de Traballo Sectoriais nos que deberán integrarse, alomenos, os responsables das áreas e servizos municipais afectados, aos que corresponderá a responsabilidade na tramitación dos expedientes que afecten ao seu ámbito competencial que se deriven do Plan, coa correspondente emisión de informe-proposta e seguimento na súa execución.

Quinto.- *De resultar necesario, para a concreción deste Plan, o despliegue de produción normativa local á que resulte de aplicación o trámite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, ésta desenvolverase, con carácter previo á redacción do texto normativo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles.*

Sexto.- *Dar traslado do presente acordo aos afectados, notificar individualmente a todos os Xefes de Área e de Servizo e ordear a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e do conxunto da organización municipal.*

En execución do mesmo reuniuse a Comisión Técnica do Plan o día 7 de novembro, coa totalidade dos seus membros, a efectos de valorar o conxunto de accións a abordar e a súa prioridade para acadar os obxectivos fixados, entre os que se identificou o funcionamento do rexistro electrónico, na nova configuración legal, dada a incidencia que no acceso á administración electrónica acada para os cidadáns. e a tal efecto o Concelleiro Delegado de Administración Electrónica en data 18 de Novembro de 2016 Resolveu a constitución Grupo de Traballo Sectorial do Rexistro electrónico, no que se integrará a Xefatura da Área do Réxime Interior, na súa condición de responsable do Rexistro Xeral, e o Técnico Responsable de estudos y programas do Servizo de Administración Electrónica, asistidos na súa labor pola Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal de Vigo, coa finalidade de definir e propor as actuacións concretas para a axeitado desenvolvemento do novo marco normativo, polo que se dará traslado desta proposta ao Concelleiro Ddo. De Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica para a súa consideración.

XUSTIFICACION XURIDICA:

A xestión electrónica de rexistros implica un substancial aforro de custos en valixa e xestión do papel. O envío/recepción realízase de forma inmediata, e pode consultarse a localización do rexistro en calquera momento. Non é necesario realizar un asento adicional dos rexistros enviados co que se consegue non duplicar o traballo. Prodúcese un aforro para a administración, un aumento en eficiencia e redución de cargas. Permite eliminar o tránsito de papel entre administracións, aumentando a eficiencia e eliminando os custos de manipulación e remisión do papel, grazas á xeración de copias auténticas electrónicas da documentación presentada e dixitalizada nos asentos de rexistro reducindo as compulsas, ensobrados, procura de datos de contacto do destino, tramitación de acuses de recibo, chamadas a destino para seguimento, etc, permitindo as administracións tramitar as súas propias solicitudes e intercambios entre si.

Este intercambio de rexistros de xeito telemático é posible gracias o Sistema de Intercambio de Rexistros (en adiante SIR). Trátase da infraestrutura básica desenvolvida pola Administración Xeral do Estado, que permite o intercambio de asentos electrónicos de rexistro entre

as AAPP de forma segura e con conformidade legal, independentemente da aplicación de rexistro utilizada, sempre que estea certificada na Norma SICRES 3.0.

Dende o punto de vista legislativo a entrada en vigor da Lei 39/2015 de 1 de outubro de Procedemento Común das Administracións Públicas obriga a un esforzo por parte das Administracións tendente a adecuar os seus sistemas ós estándares establecidos na normativa técnica emanada do RD 4/2010 de 8 de Xaneiro que regula o Esquema Nacional de Interoperabilidade no ámbito da Administración Electrónica.

Dentro das medidas que a Lei 39/2015 obriga a implementar á Administración, en materia de rexistro, destacan aquelas que esixen desenvolver en materia de administración electrónica descritas no Artigo 16 nos puntos 4 e 5:

*“Os rexistros electrónicos de todas e cada unha das Administracións, **deberán ser plenamente interoperables**, de modo que se garanta a súa compatibilidade informática e interconexión, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrais e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros.”*

*“Os documentos presentados de maneira presencial ante as Administracións Públicas, **deberán ser dixitalizados**, de acordo co previsto no artigo 27 e demais normativa aplicable, pola oficina de asistencia en materia de rexistros na que fosen presentados para a súa incorporación ao expediente administrativo electrónico, devolvéndose os orixinais ao interesado, sen prexuízo daqueles supostos en que a norma determine a custodia pola Administración dos documentos presentados ou resulte obrigatoria a presentación de obxectos ou de documentos nun soporte específico non susceptibles de dixitalización.”*

Estes puntos implican a adaptación da estrutura de datos da aplicación que da soporte ó rexistro do Concello de Vigo ó modelo de intercambio de datos enunciado na Resolución de 19 de xullo de 2011, da Secretaría de Estado para a Función Pública, pola que se aproba a Norma Técnica de Inalterabilidade de Modelo de Datos para o Intercambio de asentos entre as entidades rexistrais. (en adiante SICRES 3.0) así como a conexión á infraestrutura básica que permite o intercambio de asentos electrónicos de rexistro entre as Administracións Públicas.

Por outra banda o Artigo 16.2 apunta á obrigatoriedade das entidades xurídicas a relacionarse mediante medios electrónicos coas Administracións Públicas, e isto recomenda que o Concello de Vigo, atendendo a dita condición, utilice os canles electrónicos, na medida en que estes estean dispoñibles, para as comunicacións con outras Administracións.

O acceso á infraestrutura, SIR, está previsto fundamentalmente por dúas canles: mediante un proceso de certificación da aplicación orixe, neste caso a que da soporte ó noso rexistro, ou ben mediante a adhesión a Oficina Virtual de Rexistro (en adiante ORVE). ORVE, este último canle, tratase de un servizo de administración electrónica na nube ofrecido a todas as Administracións Públicas, que permite dixitalizar o papel que presenta o cidadán, ou o persoal de esta administración, nas oficinas de rexistro, e envialo electrónicamente ao destino, ao instante, e sexa cal fora súa localización xeográfica ou nivel de administración competente. Este envío anótase no Rexistro Electrónico Xeneral da AGE con plena validez xurídica segundo a lei 39/2015.

O servizo de Administración Electrónica realizou unha análise dúas posibilidades de integración con SIR e mediante informe do Xefe de Servizo de data 9/12/2016 que como conclu-

sión final desprendese que a mellor opción, a curto prazo, para conseguir a integración de un xeito gradual é a impementación de ORVE como mecanismo de acceso ó rexistro electrónico xeral e ó SIR que presenta as seguintes vantaxes:

- Dispoñer de inmediato dunha aplicación certificada en SICRES 3.0, accesible na nube.
- Grazas á firma electrónica e remisión de documentos electrónicos a través de ORVE, minimízanse os custos de mensaxeira e transporte do papel cara a terceiros.
- O rexistro remitido chega de inmediato ao organismo destino, independentemente da súa localización xeográfica ou nivel de Administración
- Pódese consultar de inmediato o estado e localización do rexistro enviado
- O cidadán benefíciase directamente deste servizo, tanto en custos de desprazamento, como na mellora do tempo de resposta e calidade da información que lle ofrece a Administración.
- As entidades usuarias de ORVE poderán remitir igualmente asentos rexistrados onde o seu propio organismo actúe como interesado do rexistro, desta forma as administracións poderán tramitar as súas propias comunicacións e intercambios entre si a través de ORVE.

O Grupo de Grupo de Traballo Sectorial do Rexistro electrónico e a comisión Comisión Técnica do Plan como primeiro paso acordaron a posta en marcha dos mecanismos necesarios para a implantación de ORVE. O primeiro paso do mecanismo estipulado para o emprego de ORVE regulase mediante un Convenio de Colaboración Marco entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio de Facenda e Administracións Públicas) e o Concello de Vigo para o subministro da aplicación segundo o seguinte texto:

TEXTO CONVENIO

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE LA ADMINISTRACIÓN GENERAL DEL ESTADO (SECRETARÍA GENERAL DE ADMINISTRACIÓN DIGITAL) Y EL AYUNTAMIENTO DE VIGO PARA EL SUMINISTRO DE LA APLICACIÓN "OFICINA DE REGISTRO VIRTUAL" (ORVE), COMO MECANISMO DE ACCESO AL REGISTRO ELECTRÓNICO COMÚN Y AL SISTEMA DE INTERCONEXIÓN DE REGISTROS

REUNIDOS

De una parte, el Sr. D. Domingo Molina Moscoso, Secretario General de Administración Digital, nombrado para este cargo por el Real Decreto 658/2016, de 16 de diciembre, actuando en nombre y en representación de la actuando en nombre y en representación de la Secretaría General de Administración Digital (SGAD) adscrita a la Secretaría de Estado de Función Pública, del Ministerio de Hacienda y Función Pública, en ejercicio de las competencias atribuidas.

Y de otra parte, el Excmo. Sr. D Francisco Javier Pardo Espiñeira, en virtud de las competencias atribuidas por Resolución de Alcaldía de 19 de junio de 2015 y modificaciones posteriores, y por acuerdos de la Junta de Gobierno Local de 19 de junio de 2015 y modificaciones posteriores, de 4 de noviembre de 2016, y facultado expresamente para la firma de este Convenio por acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha..

Las partes intervienen en virtud de sus respectivos cargos, y en el ejercicio de las facultades y atribuciones que por ellos tienen concedidas, reconociéndose mutuamente capacidad y legitimación para suscribir el presente convenio, y a tal efecto

EXPONEN

Primero.- *Que, en conformidad con la normativa vigente, se autoriza a la Administración General y los organismos públicos vinculados o dependientes de la misma a celebrar convenios de colaboración con los órganos correspondientes de las Administraciones de las Comunidades Autónomas y Ayuntamientos de gran población en el ámbito de sus respectivas competencias. Estos convenios son instrumentos sumamente eficaces para proporcionar un soporte legal adecuado a las actuaciones de cooperación interadministrativa como la que aquí se pretende.*

Segundo.- *Que, de acuerdo con lo establecido en el Real Decreto 424/2016, de 11 de noviembre, por el que se establece la estructura orgánica básica de los departamentos ministeriales, la Secretaría de Estado de Función Pública asume, en materia TIC, las funciones de la antigua Secretaría de Estado de Administraciones Públicas, en particular, la incorporación de las tecnologías de la información y de las comunicaciones a la prestación de los servicios públicos, el desarrollo de la administración electrónica y la cooperación con otras Administraciones Públicas en esta materia, así como el fomento de los programas de atención al ciudadano en el ámbito de la Administración General del Estado. De la SEFP depende la SGAD que, en virtud del citado Real Decreto 424/2016, de 11 de noviembre, asume las funciones de la suprimida Dirección de Tecnologías de la Información y las Comunicaciones.*

Tercero.- *De conformidad con lo establecido en el artículo 6.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local (LRBRL), corresponde al Ayuntamiento de Vigo servir con objetividad los intereses públicos que le están encomendados, actuando de acuerdo con los principios de eficacia, descentralización, desconcentración y coordinación, con sometimiento pleno a la Ley y al Derecho. Asimismo el artículo 10 LRBRL establece que la Administración local y las demás Administraciones públicas ajustarán sus relaciones recíprocas a los deberes de información mutua, colaboración, coordinación y respeto a los ámbitos competenciales respectivos; y añade que procederá la coordinación de las competencias de las entidades locales con las de las demás administraciones públicas cuando las actividades o los servicios locales trasciendan el interés propio de las correspondientes Entidades, incidan o condicionen relevantemente los de dichas Administraciones o sean concurrentes o complementarios de los de éstas.*

Cuarto.- *Que el Ayuntamiento de Vigo considera de gran utilidad las aplicaciones y servicios que la SGAD ofrece en modo servicio a través de la red interadministrativa de comunicación "Sistema de Aplicaciones y Redes para las Administraciones" (en adelante Red SARA), gestionada por dicho centro directivo, para dar servicio a las Administraciones Públicas en materia de Administración Electrónica y, así se ha manifestado por la Junta de Gobierno en sesión de fecha----- de conformidad con el régimen de atribución de competencias establecido en el Título X de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local, y estructura organizativa municipal.*

Quinto.- Que en el ámbito del interés general existente en el incremento de la eficiencia de las Administraciones Públicas, el Real Decreto 4/2010, de 8 de enero, por el que se regula el Esquema Nacional de Interoperabilidad en el ámbito de la Administración Electrónica, con el fin de minorar al máximo los costes derivados de la implantación y desarrollo de las soluciones tecnológicas y de garantizar en todo caso el derecho de los ciudadanos a acceder electrónicamente a los servicios públicos, impone a las Administraciones (artículo 17) el deber de tener en cuenta las soluciones disponibles que puedan satisfacer total o parcialmente las necesidades de nuevos sistemas o servicios o la mejora y actualización de los ya implantados.

Sexto.- En particular, la aplicación "Oficina de Registro Virtual" (en adelante ORVE) como mecanismo de acceso e interconexión con el Registro Electrónico (en adelante REC) y el Sistema de Interconexión de Registros (en adelante SIR), permite a las entidades usuarias digitalizar, generar y enviar asientos registrales a otras Administraciones, así como recepcionar los asientos registrales que les correspondan.

En virtud de todo ello, ambas partes **ACUERDAN** suscribir el presente Convenio de colaboración, que se regirá por las siguientes

CLÁUSULAS

PRIMERA.- Objeto.

El objeto del presente convenio lo constituye:

–Para la Administración General del Estado, la puesta a disposición del **Ayuntamiento de Vigo** de la aplicación informática ORVE, y de la conexión al Sistema de Interconexión de Registros (SIR) y al Registro Electrónico (REC).

ORVE es gestionada por el MINHFP, a través de la SGAD, órgano directivo dependiente de la SEFP.

–Para el **Ayuntamiento de Vigo**, el utilizar la aplicación y las conexiones anteriormente mencionadas en su ámbito de competencias, así como decidir sobre la habilitación de sus oficinas con SIR.

SEGUNDA.- Especificaciones de la aplicación.

- La aplicación ORVE y las conexiones al Registro Electrónico y al SIR serán prestadas a través de la Red SARA, gestionada por la SGAD, que adoptará las medidas de seguridad que garanticen la confidencialidad del tránsito de la información intercambiada.
- La aplicación se ofrecerá en modelo "cloud computing".
- La oficina de registro del **Ayuntamiento de Vigo** usuaria de la aplicación tendrá responsabilidad sobre el buen uso y cumplimiento de los procedimientos definidos para su gestión, no respondiendo la SGAF de cualquier daño y perjuicio directo o indirecto que provenga del mal empleo de los componentes o de la no disponibilidad del servicio.

TERCERA.- Condiciones del soporte de la aplicación.

- **El Ayuntamiento de Vigo** identificará los interlocutores técnicos responsables para la gestión ordinaria del servicio, y para el soporte de incidencias de primer nivel a sus usuarios, haciendo uso de la documentación y soporte proporcionados al **Ayuntamiento de Vigo** por la SGAD, y los mecanismos adicionales que se establezcan en la Comisión de Seguimiento prevista en la cláusula octava de este convenio.
- La SGAD dará soporte técnico de segundo nivel a los interlocutores autorizados por el **Ayuntamiento de Vigo**, y que se establezcan en la Comisión de Seguimiento prevista en la cláusula octava de este convenio, mediante los procedimientos que se establezcan del mismo modo.
- La SGAD pondrá a disposición del **Ayuntamiento de Vigo** la documentación correspondiente para el adecuado uso de la aplicación (manuales de usuario, procedimientos de uso, preguntas más frecuentes, etc.), manteniendo actualizada la misma ante cambios y mejoras funcionales o de procedimiento.

CUARTA.- Modificación del uso.

En cumplimiento del objeto del presente convenio, el MINHFP, a través de la SGAD realizará las actuaciones necesarias en la aplicación ORVE para facilitar su acceso y uso por el **Ayuntamiento de Vigo**.

A partir de la puesta en marcha de la aplicación, toda petición de modificación o alteración sugerida o solicitada por parte del **Ayuntamiento de Vigo**, será analizada por la unidad designada por la SGAD para asegurar, en todo caso, que la aplicación evoluciona de acuerdo con una única línea de desarrollo.

QUINTA.- Régimen económico.

Este convenio no comporta obligaciones económicas entre las partes firmantes del mismo. No obstante, dicho régimen podrá ser revisado en caso de variación en las disponibilidades presupuestarias.

SEXTA.- Vigencia

El presente convenio surtirá efectos desde el día de su firma y tendrá vigencia anual, pudiendo prorrogarse por períodos anuales, hasta un máximo de cuatro años adicionales, mediante acuerdo expreso de ambas partes, siempre que la prórroga se adopte con anterioridad a la finalización de su plazo de duración.

SÉPTIMA.- Denuncia.

Cualquiera de las partes podrá denunciar el presente convenio comunicándolo a la otra parte por escrito con un mes de antelación a la fecha en la que desee la terminación del mismo.

En cualquier caso, las partes se comprometen a finalizar el desarrollo de las acciones ya iniciadas en el momento de notificación de la denuncia.

OCTAVA. Causas de resolución

De conformidad con lo establecido en el artículo 51.2 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre de Régimen Jurídico del Sector Público son causas de resolución del Convenio, por causa distinta a la prevista en la cláusula anterior las siguientes:

- *El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.*
- *La decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.*
- *Cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.*

*En caso de resolución, ambas partes deberán adoptar, de acuerdo con lo previsto en el artículo 52.3 de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, las medidas necesarias para asegurar, en todo caso, el mantenimiento del servicio público electrónico a los ciudadanos prestado por el **Ayuntamiento de Vigo** con las aplicaciones proporcionadas por la SGAD.*

La resolución del Convenio no dará lugar a indemnización.

NOVENA. Comisión de Seguimiento.

*El Convenio será administrado por una Comisión de Seguimiento, formada por dos representantes de la SGAD, nombrados por su titular y otros dos del **Ayuntamiento de Vigo**. La Presidencia se asumirá de forma rotatoria, cada seis meses, por uno de los representantes de la SGAD y del **Ayuntamiento de Vigo** según corresponda y tendrá voto de calidad en caso de empate en las votaciones.*

Esta Comisión, de acuerdo con lo establecido en el artículo 49.1f. de la Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público, es el instrumento acordado por las partes para el seguimiento, vigilancia y control del convenio y de los compromisos adquiridos por los firmantes y, ejercerá sus funciones de acuerdo con lo establecido en los artículos 51.c) y 52.3 de la citada Ley.

Las partes firmantes se comprometen a solventar por acuerdo mutuo, en el seno de la Comisión de Seguimiento, cuantas diferencias resulten de la interpretación y cumplimiento de este convenio, sin perjuicio de la competencia del Orden Jurisdiccional Contencioso-Administrativo para el conocimiento de cuantas cuestiones y litigios pudieran surgir.

Las reuniones de la Comisión de Seguimiento podrán celebrarse por medios electrónicos.

DÉCIMA.- Naturaleza y régimen jurídico.

El presente Convenio de colaboración tiene naturaleza administrativa, quedando excluido del ámbito de aplicación del texto refundido de la Ley de Contratos del Sector

Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, de conformidad con lo dispuesto en su artículo 4.1.c) de dicho texto legal.

Las cuestiones litigiosas surgidas sobre la interpretación, modificación, resolución y efectos que pudieran derivarse de la aplicación del presente Convenio que se establezcan al amparo del mismo, se someterán a la Comisión Mixta de Seguimiento prevista en la cláusula novena.

Si no pudiera alcanzarse dicho Convenio, las posibles controversias deberán ser solventadas de conformidad con lo dispuesto en la Ley 50/1997, de 27 de noviembre del Gobierno, y en la Ley 52/1997, de 27 de noviembre, de Asistencia Jurídica al Estado e Instituciones Públicas.

DECIMOPRIMERA. – Régimen de Protección de Datos y Seguridad.

- El régimen de protección de datos de carácter personal en las actuaciones que se desarrollen en ejecución del presente convenio será el previsto en la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal y en su normativa de desarrollo.*
- Las partes velarán por el cumplimiento del Real Decreto 3/2010, de 8 de enero, por el que se regula el Esquema Nacional de Seguridad en el ámbito de la Administración Electrónica.*

En prueba de conformidad, y para que conste a los efectos oportunos, las partes firman el presente convenio,

*El Secretario General de
Administración Digital*

D. Domingo Molina Moscoso

*El CONCEJAL-DELEGADO DE
ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA DEL
Ayuntamiento de Vigo*

D. JAVIER PARDO ESPÍÑEIRA

PROPOSTA

Á vista do exposto, a Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal, o 12/12/2016, a instancia do Grupo de Traballo Sectorial do Rexistro Electrónico, deu conformidade á presente proposta polo que, en coherencia con este marco lexislativo, resulta conveniente como primeiro paso, propor á Xunta de Goberno Local (órgano competente en virtude de Resolución de delegación de competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local de data 08/11/2016 a adopción do seguinte ACORDO:

1. A adhesión ó Convenio de Colaboración Marco entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e o Concello de Vigo para ó subministro da aplicación “Oficina Virtual de Rexistro” como mecanismo de acceso ó Rexistro Electrónico Xeral e ó SIR
2. Facultar ao Concelleiro de Xestión Municipal, Persoal, Administración Electrónica e Patrimonio, para a sinatura dixital do citado Convenio
3. Dar publicidade á sinatura do Convenio mediante a súa publicación no Portal de Transparencia, nos termos sinalados na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información e Bo Goberno, así como proceder á

súa inserción na Intranet municipal para facilitar o seu xeral coñecemento polos servizos e áreas municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(32).-PROPOSTA DE ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 19/06/15, DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS-DELEGADOS. EXPTE. 74/1102.

Dáse conta da referida proposta do alcalde-presidente, de data 18/01/17, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na súa sesión extraordinaria e urxente do 30/12/2016 (2) acordou, entre outros, aprobar a proposta de Alcaldía de modificación do Acordo da Xunta de Goberno local do 19.06.2015 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados (Expte. 74/1102), incluíndo entre as competencias da Concellería Delegada da Área de Fomento Limpeza e Contratación; punto Primeiro.-, apartado b) *a Delegación das competencias relativas á aprobación do Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a construción de mera execución do contrato.*

Dende a mesma Concellería-Delegada da Área de Fomento, Limpeza e Contratación con data 11/01/2017, emítese nova proposta no sentido de ampliar as anteditas delegacións, engadindo ao texto aprobado pola Xunta de Goberno Local, sesión extraordinaria e urxente do 30/12/2016 “A autorización para a emisión da certificación de acopios pola dirección facultativa”. Así mesmo indícase a necesidade de ampliar a delegación efectuada no orixinal acordo da Xunta de Goberno Local do 19/06/2015 no sentido de engadir ao apartado:

“Segundo.-, punto 2. “Ditar resolucións e prestar a súa conformidade as certificacións ou actas de recepción de obras, submistros, servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área.”

A seguinte atribución:

“No caso de aprobación das certificacións finais, autorizar a ampliación do gasto cos límites do artigo 234.3.c, do TRLC, ou normativa vixente en materia de contratación”.

No mesmo escrito dende a Área de Fomento, Limpeza e Contratación, propónse que, cara unha maior axilidade e eficiencia na execución dos contratos de obras das diferentes concellerías, tanto as atribucións delegadas na Área de Fomento, Limpeza e Contratación, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, sesión extraordinaria e urxente do 30/12/2016, como as novas propostas de atribucións sexan delegadas con carácter xenérico en todas as Concellerías-Delegadas de Área.

Examinadas a antedita proposta da Concellería-Delegada da Área de Fomento, Limpeza e Contratación, de modificación do réxime de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local de datas 19 de xuño de 2015 e 30 de decembro de 2016 (Expte. 74/1102) e, vista a conveniencia de impulsar o cumprimento dos principios de eficacia, eficiencia e

axilidade na xestión pública no Concello de Vigo, no uso da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais que, en relación coa Administración Municipal ostenta esta Alcaldía -art. 124.4 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co previsto nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, formulo á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

Primeiro.- Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de delegación de competencias nos Concelleiros Delegados de data 19 de xuño de 2015, coas súas modificacións, quedando redactado o seu apartado Segundo, punto 2. do seguinte xeito:

“Segundo.- Así mesmo todos os concelleiros delegados das Áreas mencionadas na resolución da Alcaldía do 17 de xuño de 2015 exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade as certificacións ou actas de recepción de obras, submistros, servicios ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área. No caso de aprobación das certificacións finais, autorizar a ampliación do gasto cos límites do artigo 234.3.c do TRLC.

2 bis. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a construción de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.

Segundo.- Notificar este acordo aos concelleiros das áreas afectadas e comunicalo aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para xeral coñecemento e efectos, mediante a súa inserción na Intranet municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no BOP, na sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para os efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación ao abeiro do art. 38 do RD 2568/1986.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(33).- DAR CONTA DE SENTENZAS, AUTOS E DECRETOS:

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos, remitidos polo Servizo de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

- a) Expte. 9942/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no procedemento abreviado nº 373/2016.Demandante: Laura Cerviño Carrera. Obxecto: sanción en expediente sancionador de tráfico. Desestimado o recurso.
- b) Expte. 9943/111. Sentenza do X.Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no procedemento abreviado nº 382/2016. Demandante: Ana Maria Quiros Garcia. Obxecto: resolución desestimatoria da solicitude de recoñecemento de “categoría” de administrativa de administración xeral. Desestimado o recurso.
- c) Expte. 9507/111. Sentenza do TSXG, Sala do Social, no recurso de suplicación 3746/2016. Demandante: Interparking Hispania S.A. Obxecto: Despedimento (pleito de orixe 891/2015, Social nº 5 de Vigo). SENTENZA do 13 de decembro do 2016.
- d) Expte. 9937/111. Sentenza do X. Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 403/2016. Demandante: Manuel Silva Costas Obxecto: Sanción de 300 € e retirada de dous puntos do permiso de condución. Desestimado o recurso.
- e) Expte. 9936/111. Sentenza do X.Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no procedemento Abreviado nº 346/2016. Demandante: Santiago Patiño Mouriño. Obxecto: Sanción de 600 € por contaminación acústica (Bar D'Avoa). Desestimado o recurso.
- f) Expte. 9940/111. Sentenza do X.Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 364/2016. Demandante: Angel Sanmartin Fernandez. Obxecto: reclamacion por responsabilidade patrimonial por caída nunha motocicleta. Estimado parcialmente o recurso.
- g) Expte. 10024/111. Sentenza do X. Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 409/2016. Demandante: Josefina Comesaña Carrizo. Obxecto: desestimación da solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial por mor dunha caída na vía pública. Desestimado o recurso.
- h) Expte. 100447/111. Sentenza do X. Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo. Procedemento Abreviado nº 438/2016. Demandante: Enrique Navarro García. Obxecto: desestimacion de recurso de reposición fronte a resolución sancionadora en materia de tráfico. Desestimado o recurso.
- i) Expte. 8745/111. Sentenza do TSXG no Recurso de Apelación 242/2016. Demandante: Sindicato Independiente de Funcionarios del Concello de Vigo. Obxecto:impugnación de Auto de peza separada de execución do P.A. 228/2014. Desestimado o recurso.

k) Expte. 10167/111. Sentenza do X. Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 500/2016. Demandante: Onut Doru Ionel. Obxecto: sanción de tráfico por infracción en zona de estacionamento regulado. Desestimado o recurso.

l) Expte.10023/111. Sentenza do X.Contencioso-administrativo nº 1 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 402/2016. Demandante: Julio Cesar Garcia-Luen-go Montero. Obxecto: desestimacion por silencio da reclamacion plantexada no TEA Vigo fronte a resolución desestimatoria de recurso de reposición por dilixencia de embargo de plusvalía. Desestimado o recurso.

m)Expte. 10118/111. Sentenza do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo, no procedemento Abreviado nº 478/2016. Demandante: Álvaro Alves Pastoriza e outra. Obxecto: reclamación por reclamación patrimonial administrativa, danos por accidente de circulación na vía pública. Desestimado o recurso.

n) Expte. 9809/111. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 282/2016 P.O. Demandante: Tesourería Xeral da Seguridade Social. Obxecto: Denegación presunta por silencio administrativo por parte do Concello de Vigo do requirimento previo de anulación de dilixencia de embargo realizado nunha conta bancaria de la TGSS por importe de 348.727,15 euros . Inadmitido o recurso.

o) Expte. 10138/11. Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 489/2016 P.A. Demandante: J.M Blanco Saralegui. Obxecto:Resolución do 7/07/16 do TEA relacionada coa solicitude de rectificación de liquidacións do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana (Expte. 28008/514) Desestimado o recurso.

p) Expte. 10122/111. Sentenza do X.Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo no procedemento Abreviado nº 482/2016. Demandante: Vestal Estructuras y sistemas sociedad cooperativa gallega. Obxecto:sanción de tráfico. Desestimado o recurso.

q) Expte. 10102/111. Auto do X. Contencioso-administrativo nº 2 de Vigo no Procedemento Abreviado nº 466/2016. Demandante: Isaac Oliveira Benedicto. Obxecto: inadmisión de recurso por falta de competencia. Se declara rematado o procedemento.

r) Expte. 9688/111. Sentenza do X. De Primeira Instancia nº 4 de Vigo no Procedemento Ordinario nº 941/2015. Demandante: Comunidade de Bens Burgos 25. Obxecto: Acción declarativa de dominio.

s) Expte. 9736/111. Sentenza do Xulgado do Social nº 5 de Vigo. Clasificación Profesional nº 315/2016. Demandante: Marina Aurora Davila Crespo. Obxecto: recoñecemento de superior categoria, e subsidiariamente, cantidades adebada-

das por desenvolvemento de funcións superiores. Estimada parcialmente a demanda.

t) Expte. 9621/111. Sentenza do Xulgado do Social nº 3 de Vigo. Despedimento nº 96/2016. Demandante: Jaime Ferreira Perez. Obxecto: Despedimento (Interparking Hispania SA), despedimento nulo ou improcedente. Estimada parcialmente a demanda.

u) Expte. 9618/111. Sentenza do Xulgado do Social nº 3 de Vigo. Despedimento nº 95/2016. Demandante: Otilio Aboy Rodriguez. Obxecto: Despedimento (Interparking Hispania SA), despedimento nulo ou improcedente. Estimada parcialmente a demanda.

v) Expte. 10060/111. Sentenza do X.Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 452/2016 P.A. Demandantes: D^a Dorinda González Alonso e D^a María Esther Cacheiro González. Obxecto: Resolución do 2 de maio de 2016 do Tribunal Económico Administrativo relacionada coa solicitude de rectificación da liquidación tributaria do Imposto sobre o Incremento do Valor de Terreos de Natureza Urbana. (Expte. 28298/514).Desestimado o recurso.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(34).-PROPOSTA DE INICIO DE PROCEDEMENTO DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE CONSERVACIÓN E REPOSICIÓN DE ZONAS VERDES. EXPTE. 9151/446.

Dáse conta do informe-proposta de data 17/01/17, asinado pola xefa do servizo de Contratación, e conformado polo concelleiro-delegado de dito Servizo, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPA).
- Real Decreto - Legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, de 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA).

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PCAP).
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo (PPT).

- **ANTECEDENTES**

En data 13 de xaneiro de 2017, o enxeñeiro municipal do servizo de Montes, Parques e Xardíns, informa da necesidade de proceder á modificación do contrato de servizo de conservación e reposición das zonas verdes da cidade de Vigo, por causa da incorporación de novas zonas e modificación das superficies das existentes.

É preciso comezar realizando unha relación fáctica, por orde cronolóxico, dos antecedentes máis relevantes deste procedemento de licitación:

Primeiro.- En data 26 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL) adoptou o seguinte acordo:

“1º Aproba-lo gasto (...).

2º Aproba-lo expediente de Servizos de Conservación e Reposición das Zonas Verdes da Cidade de Vigo que contén o Prego de Prescricións Técnicas particulares de data 01/09/2014 e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 15/09/2014.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Segundo.- En data 6 de agosto de 2015, a XGL acordou a adxudicación deste procedemento a ALTHENIA, S.L. O contrato formalizouse o día 28 de agosto de 2015, e comezou a súa execución o día 1 de setembro do mesmo ano.

Terceiro.- En data 19 de agosto de 2015, D. Pablo Pérez Serrano, en nome e representación de VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda excluír a súa representada do procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados e non xustifica-los mesmos.

En data 5 de outubro de 2015, o TACRC, en resolución nº 901/2015, acorda estimar o recurso.

Cuarto.- En data 30 de outubro de 2015, a mercantil CESPAA, S.A., presentou escrito de interposición de recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do contencioso-administrativo nº 1 de Vigo, contra o acordo da mesa de contratación de data 31 de xullo de 2015 e a resolución da XGL da mesma data, nas que exclúeselle do citado procedemento. Este recurso foi admitido a trámite por decreto de data 20 de novembro do mesmo ano e na

actualidade está acumulado o recurso contencioso-administrativo que se relaciona no antecedente seguinte e pendente de resolución.

Quinto.- En data 11 de decembro de 2015, a XGL acordou “Interpoñer recurso contencioso-administrativo contra a resolución 901/2015 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, perante o Tribunal Superior de Xustiza, solicitando a adopción da medida cautelar de suspensión da execución da citada resolución”. No escrito anunciando o recurso solicitouse a adopción da medida cautelar de suspensión.

Interposto ó recurso, este é admitido a trámite en resolución do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de data 11 de xaneiro de 2016.

Sexto.- En data 7 de marzo de 2016, o TSJG acorda a denegación da medida cautelar de suspensión solicitada polo Concello (antecedente quinto).

En data 14 de marzo de 2016 deuse conta á Mesa de contratación desta resolución; e a efectos do seu cumprimento, e para determinar as actuacións a seguir, esta solicitou senllos informes ao xefe do servizo xestor, Montes, parques e xardíns, e á xefa do servizo de Contratación. Ambos informes foron evacuados en data 16 de marzo de 2016.

En data 16 de marzo de 2016, dáse conta á Mesa de contratación dos citados informes e procédese á retroacción do procedemento.

En data 16 de marzo de 2016, a Mesa de contratación acepta o informe do xefe do servizo de Montes, parques e xardíns, de valoración dos criterios valorables a través de fórmula.

Sétimo.- En data 15 de abril de 2016, a XGL adoptou o acordo de clasificación de ofertas neste procedemento e acordou requirirle a documentación prevista no artigo 151 do TRLCSP ao primeiro clasificado, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.

Oitavo.- En data 8 de xullo de 2016, a XGL acordou adxudicar a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., o citado procedemento por un prezo de 17.237.394, 62 €. Acordo que foi notificado aos licitadores nesa mesma data.

Noveno.- En data 28 de xullo de 2016, D. Luís Sánchez-Pobre Murillo, en nome e representación de ALTHENIA, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación contra a resolución da Xunta de Goberno Local de 31 de xullo de 2015 na que se acorda adxudicar a VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A, o procedemento aberto para a contratación de servizos de conservación e reposición das zonas verdes na cidade de Vigo.

Décimo.- En data 14 de outubro de 2016, o TACRC, en resolución nº 813/2016, acordou desestimar o recurso citado no antecedente anterior.

Undécimo.- En data 2 de decembro de 2016, formalizouse o contrato con VALORIZA e comezou a súa execución en data 16 de decembro de 2016.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta modificación. Os contratos se rexen en canto ós seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento en que foron celebrados (disposición transitoria primeira do TRLCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido

da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ó TRLCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ó órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección ós requisitos e efectos sinalados na mesma (artigos 210 TRLCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación so poderá modificar os contratos cando así se previu nos pregos ou no anuncio de licitación, ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 (artigo 105 TRLCSP).

É dicir, a lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analizar os mesmos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ó redactar as mesmas. Así evítase conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación, principios que atópanse recollidos nos artigos 1 e 139 do TRLCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Por contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 106 TRLCSP):

- Os supostos en que poderá modificarse o contrato. Deberán definirse con total concreción por referencia a circunstancias cuxa concorrencia poida verificarse de forma obxectiva.
- As condicións da eventual modificación deberán precisarse cun detalle suficiente para permitir aos licitadores a súa valoración a efectos de formular a súa oferta e ser tomadas en conta no que se refire á esixencia de condicións de aptitude aos licitadores e valoración das ofertas.
- O alcance e límites das modificacións que poden acordarse con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo poidan afectar.
- O procedemento que haxa de seguirse para a modificación.

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato cando concorran as seguintes circunstancias (apartado 16.C da FEC):

- Alteracións producidas na superficie das zonas verdes.
- Incorporación de novas zonas.

Se concorresen estas circunstancias, poderán modificarse os seguintes aspectos do contrato (apartado 16.B da FEC):

- Diminución ou incremento das zonas verdes obxecto deste contrato.

Se ben se establece como límite á modificación que non poderá superar o 10% do prezo de adxudicación do contrato (apartado 16.D da FEC).

Respecto ó procedemento a seguir en caso de modificación, prevéanse as seguintes especialidades (apartado 16.E da FEC):

- O incremento da superficie das zonas verdes cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de adxudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1 do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago.
- Para calcular o valor da modificación se aplicará á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC ó que se aplicará a porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.
- En caso de incremento de zonas verdes, poderá modificarse o contrato sen que o seu prezo experimente variación mediante a reorganización do servizo, variando outros aspectos tales como a frecuencia de mantemento, a intensidade, o cambio de tipoloxía da zona, etc.

No presente caso a modificación ven motivada porque producíronse modificacións nas superficies das zonas verdes cuxo mantemento está comprendido no obxecto do contrato, tanto incrementos como diminución das mesmas.

Informa ó respecto o enxeñeiro municipal do servizo de Montes, parques e xardíns, en data 13 de xaneiro de 2016, o seguinte:

“No período transcorrido desde a redacción e inventariado das zonas obxecto do contrato e o inicio da prestación da Empresa Althenia (Septiembre 2015) produxéronse alteracións no listado de zonas por:

- Modificacións nas superficie.
- Incorporación de novas zonas.
- Retirada zonas deportivas del pliego (Acuerdo Xunta Gobierno 22/01/2016).

Ditas alteracions non puideron ser recollidas no seu día debido a que a adxudicación do contrato a empresa Althenia viuse constantemente rodeada de recursos ante diferentes tribunais que ocasionaron a anulación do contrato e polo tanto a imposibilidade de modificar o contrato.

Nestes intres temos unha nova adxudicación a empresa Valoriza como xa se puxo de manifesto en parágrafos anteriores e necesitamos incluír, rectificar e en resumo, poñer o día o inventario para poder atender as zonas que na actualidade carecen de programa de mantemento e que poden sufrir importantes deterioros e como consecuencia unha merma do patrimonio municipal.

Todas estas alteracions nos listados contemplanse nas circunstancias que determinan a modificación e que se desglosan no seguinte cadro:

Zonas Verdes	Listados Adjudicación	Listados ampliados/de-traídos	Superficie
Tipoloxía A (Has)	4,7047	4,7631	0,0584
Tipoloxía B (Has)	53,1968	53,7594	0,5626
Tipoloxía C (Has)	76,5240	75,1386	-1,3854
Tipoloxía E (Has)	14,0938	16,1112	2,0174
Tipoloxía D(Has)	12,6446	12,8661	0,2215
Tipoloxía R rotondas e illas (Has)	8,3553	9,1197	0,7644
Humedais e zonas de ribeira	14,1794	14,1685	-0,0109
Parques Forestais	83,7814	84,5887	0,8073
Arbolado. (unidades)	10.930,0000	11034,0000	104,0000
Xardiñeiras (m ²)	5.102,6700	7017,3000	1.914,6300
Xardiñeiras colgantes (unidades)	243,0000	160,0000	-83,0000
Xardiñeiras individuais (unidades)	167,0000	167,0000	0,0000
Campos Deportivos (m2)	11.085,3400	0,0000	-11.085,3400

Os prezos unitarios son:

Zonas Verdes	Precio Unitario (€/ano)	Baixa Adjudicación	Precio Unitario Vixente (€/ano)
Tipoloxía A (Has)	30.000,00	28,90%	21330,00
Tipoloxía B (Has)	25.000,00	28,90%	17775,00
Tipoloxía C (Has)	17.700,00	28,90%	12584,70
Tipoloxía D (Has)	10.100,00	28,90%	7181,10
Tipoloxía E (Has)	10.700,00	28,90%	7607,70
Humedais e zonas de ribeira (Has)	10.700,00	28,90%	7607,70
Rotondas e illas (Has)	30.000,00	28,90%	21330,00
Parques forestais (Has)	3.700,00	28,90%	2630,70
Arborado (unidades)	113,00	28,90%	80,34

Xardineiras (m ²)	175,00	28,90%	124,42
Xardineiras colgantes (unidades)	150,00	28,90%	106,65
Xardineiras individuais (unidades)	150,00	28,90%	106,65
Campos deportivos (m ²)	4,55	28,90%	3,23

Os importes correspondentes as superficies modificadas son:

	Superficies	Precio Unitario	Importe anual
Tipoloxía A (Has)	0,0584	21330,00	1.245,67
Tipoloxía B (Has)	0,5626	17775,00	10000,21
Tipoloxía C (Has)	-1,3854	12584,70	-17.434,84
Tipoloxía D (Has)	0,2215	7181,10	1.590,61
Tipoloxía E (Has)	2,0174	7607,70	15.347,77
Humedais e zonas de ribeira (Has)	-0,0109	7607,70	-82,92
Rotondas e illas (Has)	0,7644	21330,00	16.304,65
Parques forestais (Has)	0,8073	2630,70	2.123,76
Arborado (unidades)	104,0000	80,34	8.355,36
Xardineiras (m ²)	1914,6300	124,42	238.218,26
Xardineiras colgantes (unidades)	-83,0000	106,65	-8.851,95
Xardineiras individuais (unidades)	0,0000	106,65	0,00
Campos deportivos (m ²)	-11085,34	3,23	-35.805,64

O importe da adxudicación e de 17.237.394,62 (IVE incluído) o que supón unha baixa do 28,9%.

O importe económico resultado das modificacións de superficie é de 231.010,94€/ano e según o prego de de Bases Técnicas, no apartado 3.1, ó 5 % do prezo de adxudicación (861.869,73€/total contrato), non afectará ó prezo do contrato.

Os importes económicos que non se imputarán, considerando un período de 46,5 meses desde 1/02/2017 ata final do contrato:

Ano de aplicación	Período	Importe económico
Ano2017	Do 1 de Febreiro o 31 de decembro	203.883,17
Ano 2018	Do 1 de Xaneiro a 31 de decembro	222.417,99
Ano 2019	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	222.417,99
Ano 2020	Do 1 de xaneiro a 15diciembre	213150,58
Total		861.869,73

Este importe exento incluiría:

Todas as zonas indicadas en los listados definitivos excepto 69,05 m2 de jardineras que se corresponden sustancialmente con los metros cuadrados existentes en la calle Nicaragua (69,44) es decir; procedería el pago de 69,05m2 de jardineras en calle Nicaragua de los 69,44 m2 existentes.

Os importes económicos imputables durante os 46,5 meses que restarian de contrato considerando o inicio da ampliación o 1/02/2017

Xardiñeiras c/ Nicaragua (69,05m2).....124,42€/m2-año: 8.591,95€/año

Importe imputable final 8.591,95€/año

Ano de aplicación	Período	importe	% adjudicación do prezo do contrato
Ano 2017	Do 1 de Febreiro a 31 de decembro	7.875,95 €	0,0457
Ano 2018	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	.8.591,95€	0,0499
Año 2019	Do 1 de xaneiro a 31 de decembro	.8.591,95 €	0,0499
Año 2020	Do 1 de xaneiro a 15 de decembro	8.233,95 €	0,0478
Total		33.293,80	0,1933

Este importe anual pódese cargar a partida 446-2279901".

Do exposto despréndese que a modificación proposta acada o 5,19% do prezo do contrato, e atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 10% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 16.D da FEC. Tal e como dispón o apartado 16.E da FEC "O incremento da superficie das zonas verdes cuxo mantemento é obxecto deste contrato inferior ó 5 % do prezo de

adjudicación, non afectará ó prezo do contrato segundo o disposto no apartado 3.1 do prego de Bases Técnicas. Se os incrementos, illada ou conxuntamente, superan esta porcentaxe se incrementará en proporción o prezo do contrato pero excluindo sempre o 5% exento de pago". Para calcular o valor da modificación, de acordo co apartado 16.E da FEC, aplicouse á superficie da zona a incrementar ou diminuír o prezo unitario correspondente dos previstos no apartado 3.F desta FEC, previa aplicación ó mesmo da porcentaxe de baixa do prezo ofertado polo adxudicatario respecto do prezo do contrato fixado no apartado 3.A.

-III-

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración o ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigos 108.2 e 211.1 TRLCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 10 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 211.3.b TRLCSP). No caso de modificacións previstas no prego deberá seguirse o procedemento de modificación regulado no mesmo.
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ó contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso evacuar trámite de audiencia ó contratista. Non é preciso solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto a modificación é dun 5,19 % do prezo primitivo do contrato.

Respecto dos límites materiais, ponse de releve que a modificación obedece a unha razón de interese público: prover o mantemento das zonas verdes de nova creación, ou cuxa superficie resultou incrementada. O mantemento das zonas verdes e os parques forestais é unha competencia municipal obrigatoria en virtude do disposto nos artigos 25.2.b e 26.1.b da LBRL e 80.2.d e 81.b da LALGA.

Respecto dos límites económicos, é preciso compensar o contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. No entanto, e tal e como se desprende do informe do enxeñeiro municipal transcrito no fundamento xurídico anterior, a Administración ten que compensar o contratista pola modificación proposta ata 5% do prezo do contrato, en virtude do disposto no apartado 16.E da FEC, polo que procedería aboarlle unicamente un 0,19% do prezo da modificación proposta.

O contrato cuxa modificación preténdese é obxecto dun procedemento xudicial que podería determinar, en función do fallo xudicial, ó cambio do adxudicatario actual, polo que sería preciso analizar tamén a conveniencia de modificar o mesmo neste intre procesual. Dado que a modificación proposta só afecta ao prezo do contrato nun 0,19 %, e resulta necesaria para o mantemento en bo estado das zonas verdes da cidade, en principio, e tanto dende ó

punto de vista xurídico como dende un criterio de oportunidade, non atópase inconveniente á tramitación deste procedemento. Pola contra, de non modificar o contrato sería precisa a celebración doutro para realizar o mantemento das citadas zonas, o que representaría un maior custe económico para o concello.

Unha vez evacuado o trámite de audiencia, formularase proposta sobre a presente modificación ó órgano de contratación. A resolución administrativa ditada en exercicio da potestade administrativa de modificación terá que ser motivada (artigo 54.1.a LRJAP) e será precisa a súa formalización.

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigos 211.4 TRLCSP e 114.3 TRRL).

-IV-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ó que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, que é un municipio de gran poboación rexido polo Título X LBRL, hai que entendelas feitas ó titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 8ª apartado e do TRLCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas ós secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-V-

Competencia

A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP).

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.- Iniciar procedemento para a modificación do contrato de servizo de conservación e reposición de zonas verdes da cidade de Vigo. As modificacións están reflectidas no informe do enxeñeiro municipal de data 13 de xaneiro de 2017, que se reproduce no fundamento xurídico segundo do presente informe con excepción das táboas que detallan as zonas afectadas.

2º.- A modificación representa un 5,19 % do prezo primitivo do contrato, se ben so abonarase o contratista 0,19% da mesma, segundo o disposto no apartado 16.E da FEC do prego de cláusulas administrativas particulares.

3º.- Evacuar trámite de audiencia do presente acordo ó contratista, por prazo de dez días, para que formule as alegacións que o seu dereito conveñan”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(35).-PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO VII DUATLON CROSS DE CANDEÁN, O VINDEIRO DOMINGO 29 DE XANEIRO DE 2017. EXPTE. 15634/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/17, asinado polo coordinador deportivo,o secretario de Admón. Municipal e polo concelleiro-delegado de Deportes, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES:

A entidade Club Triatlon Mar de Vigo, co CIF (G-27730597), solicitou o día 15-11-2016 a través do Rexistro Municipal (Doc.160154344), autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- *Nome do evento: VII DUATLON CROSS DE CANDEÁN*
- *Data: 29 de xaneiro de 2017*
- *Horario: DE 11.00H A 14.00H*

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dito evento que terá lugar o vindeiro domingo 29 de xaneiro de 2017. A proba comezará ás 11.00h, cunha duración aproximada de tres horas. Esta proba se desenvolverá no Parque Forestal do Vixiador (Candeán) .

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- *Policía Local*
- *Seguridade*

Tamén se comunicou o evento a Protección Civil, cara á cobertura do mesmo.

2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo.

3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Triatlon Mar de Vigo, con CIF (G-27730597), a organizar a proba deportiva denominada VII DUATLON CROSS MAR DE CANDEÁN, o vindeiro domingo 29 de xaneiro de 2017, a proba comezará ás 11.00h e rematará ás 14.00h e se desenvolverá no Parque Forestal do Vixiador en Candeán.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(36).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR EN PERÍODO LECTIVO NUN HIGH SCHOOL “VIGO EN INGLÉS”. EXPTE. 16073/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 30/12/16, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de dito Servizo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 08 de agosto de 2014, adoptou o acordo de adxudicar a “Newlink Education, S.L” (CIF B-22.210.843) o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLÉS” (expte. 16073-332) por un prezo total de 1.359.810.-€ (IVE incluído), sendo o prezo unitario por alumno de 2.344,50 euros; de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2014 e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de dous anos e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (cláusula 7 en relación cos apartados 4.A) e 4.C) das FEC). Polo tanto, segundo contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, o prazo do contrato é de dous anos contados dende o 07 de outubro de 2014; estando prevista a posibilidade de dúas prórrogas, a primeira dun ano de duración e a segunda ata o 31 de decembro do ano 2017.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 26 de febreiro de 2016, acordou autorizar a 1ª prórroga por un ano de contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés 2016” (expte. 16073-332) para o periodo comprendido entre o 07/10/16 e o 06/10/17, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida. Igualmente acordou autorizar e comprometer un gasto de 682.624,62.-€ importe actualizado en Xunta de Goberno Local de data 23 de decembro de 2015, sen prexuízo da revisión de prezos que proceda, que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”) e bolsa de vinculación do vixente orzamento.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 16 de decembro de 2016, acordou aprobar a 2ª revisión de prezos do contrato para a xestión, organización e

desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “Vigo en Inglés 2015”, para aplicar no periodo de facturación 07 de outubro de 2016 – 06 de outubro de 2017, quedando o importe do contrato actualizado para ese periodo en 688.768,24.-€/ano ($682.624,62.-€ \times 0,9\% = 6.143,62.-€$).

En data 29/12/2016 ten entrada no rexistro xeral do Concello co nº de doc. 160175208 escrito da empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L”, poñendo de manifesto vontade e dispoñibilidade explícita para solicitar a 2ª prórroga do contrato obxecto do presente informe.

A Concelleira-Delegada de Educación, mediante dilixencia que se incorpora no presente expediente, considera a necesidade de solicitar do órgano de contratación a 2ª prórroga do presente contrato dende o 07 de outubro de 2017 ao 31 de decembro de 2017 de acordo cos pregos de condicións.

A prestación por parte da empresa adxudicataria dos servizos correspondentes á edición do programa “Vigo en Inglés 2016” cuxa estadía efectiva de inmersión lingüística foi desenvolvida dende o 19/09/2016 ao 13/10/2016, foi realizada a plena satisfacción deste Servizo de Educación; como se pode corroborar na Memoria xustificativa (nº de doc. 160151023 de data 08/11/2016) e informe avaliativo desenvolvido cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e que figura arquivada nas dependencias deste servizo municipal de educación. Igualmente, cómpre ter en conta a necesidade de ter garantido por parte do adxudicatario o inicio con antelación suficiente das xestións e traballos previos con todos os provedores e axentes implicados na edición de “Vigo en Inglés 2017”, cuxas estadías están previstas desenvolver no periodo 2ª quincena de setembro - 1ª quincena de outubro 2017. Polo tanto, dende o Servizo Municipal de Educación, enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da 2ª prórroga contemplada no correspondente PCAP.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, proponse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Autorizar a 2ª prórroga do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2017” (expte. 16073-332) para o período comprendido entre o 07/10/17 e o 31/12/17, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un gasto de 688.768,24.-€ importe actualizado en Xunta de Goberno Local de data 16 de decembro de 2016, sen prexuízo da revisión de prezos que proceda, que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”) e bolsa de vinculación do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(37).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR EN PERÍODO LECTIVO NUN HIGH SCHOL “VIGO EN INGLÉS”. EXPTE. 17468/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 30/12/16, asinado polo técnico medio de actividades culturais e educativas, a xefa do Servizo de Educación, a concelleira-delegada de dito Servizo e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do día 06 de Maio de 2016, acordou adxudicar definitivamente a Newlink Educación S.L., o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística “Vigo en Inglés 2016” (expte. 17468/332) por un prezo total de 597.740,00.-€ (Ive incluído), sendo o prezo unitario por alumno de 2.299,00.-€ e comprometéndose a aportar unha serie de melloras. Todo o anterior de acordo cos pregos de cláusulas administrativas particulares e técnicas aprobados por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 29 de Xaneiro de 2016, e a oferta presentada.

No prego de cláusulas administrativas se fixa unha duración do contrato de un ano e se establece a posibilidade de prorrogar o mesmo (cláusula 7 en relación cos apartados 4.A) e 4.C) das FEC). Polo tanto, segundo contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, o prazo do contrato é de un ano contado dende o 30 de maio de 2016; estando prevista a posibilidade de unha prórroga que deberá rematar necesariamente o 31 de decembro do ano 2017.

En data 29/12/2016 ten entrada no rexistro xeral do Concello co nº de doc. 160175204 escrito da empresa adxudicataria “Newlink Education, S.L”, poñendo de manifesto vontade e dispoñibilidade explícita para solicitar a prórroga do contrato obxecto do presente informe.

A Concelleira-Delegada de Educación, mediante dilixencia que se incorpora no presente expediente, considera a necesidade de solicitar do órgano de contratación a prórroga do presente contrato dende o 30 de maio de 2017 ao 31 de decembro de 2017 de acordo cos pregos de condicións.

A prestación por parte da empresa adxudicataria dos servizos correspondentes á edición do programa “Vigo en Inglés 2016” cuxas estadías efectivas de inmersión lingüística foron desenvolvidas nos periodos 13/06/2016 ao 05/07/16 e dende o 19/09/2016 ao 13/10/2016 a plena satisfacción deste Servizo de Educación; como se pode corroborar na Memoria xustificativa (nº de doc. 160151023 de data 08/11/2016) e informe avaliativo desenvolvido cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, e que figura arquivada nas dependencias deste servizo municipal de educación. Igualmente, cómpre ter en conta a necesidade de ter garantido por parte do adxudicatario o inicio con antelación suficiente das xestións e traballos previos con todos os provedores e axentes implicados na edición de “Vigo en Inglés 2017”, cuxas estadías están previstas desenvolver no periodo 2ª quincena de setembro - 1ª quincena de outubro 2017. Polo tanto, dende o Servizo Municipal de Educación, enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a concreción da continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga contemplada no correspondente PCAP.

En base ao exposto, e de conformidade co réxime de atribucións en materia de xestión económica establecido no artigo 127.1 g) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases

do Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, propónse á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a **prórroga do contrato** para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School "VIGO EN INGLES 2017" (expte. 17468-332) para o período comprendido entre o **30/05/17 e o 31/12/17**, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un gasto de **597.740,00-€**, que se imputarán á partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo "Aulas Internacionais") e bolsa de vinculación do vixente orzamento.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(38).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE FESTAS DURANTE O MES DE DECEMBRO. EXPTE. 6808/335.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/01/17, asinado pola xefa do Servizo de Festas e pola concelleira delegada da área de Festas e Turismo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na Base 31ª das de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2016, aprobadas polo Pleno con data 09/12/2015, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de gasto menor no Servizo de Festas, autorizados pola concelleira delegada de Festas, o mes de decembro de 2016.

Expte: 6708/335. CONTRATACIÓN DA ELABORACIÓN DUN PLAN DE EMERXENCIAS E DA COORDINACIÓN CON EMPRESAS PARA O DESFILE DA CABALGATA DE REIS DE 2017

Decreto concelleira data: 16/12/2016

Informe Intervención: RCM 124406

Adxudicatario: PEDRO MURCIEGO DELGADO

Importe total: 2.178,00 EUROS

Expte: 6712/335. CONTRATACIÓN DA RETRANSMISIÓN TELEVISIVA DO CONCERTO DE NADAL DE ORFEÓNS

Decreto concelleira data: 22/12/2016

Informe Intervención: RCM 127998

Adxudicatario: INICIATIVAS AUDIOVISUALES VIGO SL

Importe total: 8.000,00 EUROS

Expte: 6713/335. CONTRATACIÓN DA SEGURIDADE, LIMPEZA E PRODUCCIÓN DO PARQUE INFANTIL DO NADAL MES DE DECEMBRO

Decreto concelleira data: 26/12/2016

Informe Intervención: RCM 129340

Adxudicatario: SERVICIOS INTEGRALES AGREGA SL

Importe total: 10.139,80 EUROS

Expte: 6720/335. CONTRATACIÓN DE DOUS OBRADOIROS E DE DECORACIÓN CON GLOBOS PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL MES DE DECEMBRO

Decreto concelleira data: 26/12/2016

Informe Intervención: RCM 129341

Adxudicatario: BARAFUNDA SL

Importe total: 17.810,00 EUROS

Expte: 6721/335. CONTRATACIÓN DE SETE OBRADOIROS E DA COORDINACIÓN DO PARQUE INFANTIL DO NADAL MES DE DECEMBRO

Decreto concelleira data: 26/12/2016

Informe Intervención: RCM 129343

Adxudicatario: KOREMI REHABILITACIÓN SL

Importe total: 14.498,29 EUROS

Expte: 6722/335. CONTRATACIÓN DOS OBRADOIROS SAURIALANDIA PARA O PARQUE INFANTIL DO NADAL MES DE DECEMBRO

Decreto concelleira data: 26/12/2016

Informe Intervención: RCM 129342

Adxudicatario: IMEKANÉ DIDÁCTICA SL

Importe total: 16.315,65 EUROS

Expte: 6725/335. CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS ARTÍSTICAS DE CORAIS POLIFÓNICAS PARA CONCERTOS DE NADAL

Decreto concelleira data: 28/12/2016

Informe Intervención: RCM 130378

Adxudicatario: ASOCIACIÓN DE CORAIS POLIFÓNICAS DE VIGO

Importe total: 7.500,00 EUROS

Expte: 6726/335. CONTRATACIÓN DE OBRADOIROS INFANTÍS PARA VIGOLANDIA

Decreto concelleira data: 28/12/2016

Informe Intervención: RCM 130379

Adxudicatario: IBIGLAB SLU

Importe total: 12.100,00 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

11(39).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR NO SERVIZO DE IGUALDADE DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2016. EXPTE. 7540/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 12/01/17, asinado pola xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de dito Servizo, que di o seguinte:

Co fin de dar cumprimento ao establecido na base 31ª das Bases de execución do orzamento xeral do Concello de Vigo para o vixente exercicio, faise a seguinte

PROPOSTA:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor no Servizo de Igualdade, no mes de decembro do ano 2016.

Expte.	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data Decreto	Importe
7438-224	CMSE	Mantemento da aplicación informática do CMIDM	Aula Informática de Galicia SL	23112279903	07/12/16	1.742,40 €
7442-224	CMSU	Adquisición de diverso equipamento	DISMAC	23116290000	13/12/16	850,63 €
7443-224	CMSU	Adquisición de diverso mobiliario	DISMAC	23116250000	09/12/16	1.513,71 €
7444-224	CMSE	Inerción cuñas para unha campaña informativa e de concienciación	Radio Vigo SA	23112279906	09/12/16	9.959,75 €
7445-224	CMSU	Adquisición pulseiras "EnlazaVigo" contra a violencia de xénero	Ediciones y Producciones Empresariales SAU	23112260200	07/12/16	4.477,00 €
7461-224	CMSE	Poda árbore no Centro de Emerxencias para mulleres	Agronergera SL	23112100000	15/12/16	774,40 €
7476-224	CMSE	Creatividade e impresión MUPIS da campaña para favorecer o uso non sexista do xoguete	Varadero Comunicación SLU	23112279906	22/12/16	1.210,00 €
7494-224	CMSE	Reimpresión folletos para prevenir a violencia sexual na mocidade	Alén Comunicación Web&Multimedia	23112260200	22/12/16	1.454,42 €
7495-224	CMSU	Suministro elementos de promoción para as campañas "Deporte en igualdade" "Educación en Igualdade"	Bnova Marketing Promocional	23112279906	22/12/16	14.371,51 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

12(40).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á FEMP PARA O PROGRAMA MUNICIPAL "FOMENTO DA CONCILIACIÓN A TRAVÉS DO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN DOMICILIARIA Á INFANCIA". EXPTE. 7544/224.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/01/17, asinado pola xefa do servizo de Igualdade, o secretario de Admón. Municipal e pola concelleira-delegada de Igualdade, que di o seguinte:

No marco do convenio subscrito o 1 de agosto de 2016, entre o Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades (IMIO) e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para o desenvolvemento e implementación de actuacións en materia de igualdade por parte das entidades locais asociadas á Federación, a FEMP publica con data 2 de xaneiro de 2017 as bases que regulan a concesión de axudas dirixidas ás entidades locais que desenvolvan actuacións destinadas a promover a transversalidade de xénero na planificación e desenvolvemento de políticas locais, así como a implementación de plans en

materia de conciliación e corresponsabilidade de mulleres e homes na vida persoal, familiar e profesional no eido local.

As entidades locais que desexen presentarse a esta convocatoria deberán acollerse a unha das dúas modalidades que se definen na convocatoria e as actuacións obxecto de financiación deberán dar resposta ás liñas de traballo que se especifican en cada modalidade.

A cantidade financiada con cargo a esta convocatoria non poderá superar o 85% do custe total do proxecto.

Os proxectos subvencionados desenvolveranse obrigatoriamente desde o 1 de xaneiro ata o 30 de outubro de 2017.

O Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, ten unha ampla traxectoria na finalidade de traballar al prol da igualdade, na prevención e combate da violencia de xénero e na implementación de servizos para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, como é o Servizo Municipal de Atención Domiciliaria á Infancia, que presta o Concello de Vigo dende hai máis de 20 anos. Resolución da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia de data 15.11.2010 mediante a que se valida este programa municipal como medida de conciliación e promoción autonómica.

Vistos os requisitos e demais bases reguladoras deste programa de axudas, este órgano xestor valora convinte presentar á devandita convocatoria o programa que de seguido se di:

Modalidade B). Programa “Fomento da conciliación a través do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia”

Período de execución: 1 de xaneiro a 30 de setembro de 2017

Orzamento 117.0000,00 €

Axuda solicitada: 20.000,00 € (importe máximo establecido na convocatoria para a Modalidade B) e para Entidades Locais con poboación superior a 100.000 habitantes.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Aprobar a solicitude de subvención que presenta a Concellería de Igualdade para o programa municipal “Fomento da conciliación a través do servizo municipal de atención domiciliaria á infancia”, por un importe total de 20.000,00 €, en base ao disposto nas bases da convocatoria de axudas ás administracións locais publicadas pola Federación Española de Municipios e Provincias en data 2 de xaneiro de 2017, para o desenvolvemento de actuacións dirixidas a promover a transversalidade de xénero na planificación e desenvolvemento de políticas locais, así como a implementación de plans en materia de conciliación e corresponsabilidade de mulleres e homes na vida persoal, familiar e profesional no eido local.

2º.- Comprometer ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Igualdade, a financiar o custe das accións obxecto de axuda que non resulte financiado pola Federación Española de Municipios e Provincias para a súa completa realización, aceptando as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos nas bases da convocatoria”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(41).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN TRAMITADOS POLO RÉXIME DE GASTO MENOR POLO SERVIZO DE VIGOZOO NO PERÍODO DE OUTUBRO-NOVEMBRO 2016. EXPTE. 12282/306.

Dáse conta do informe-proposta de data 16/01/16, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo e a concelleira delegada de Medio Ambiente e Vida Saudable, que di o seguinte:

EXPTE	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
8046/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE DÍAS RODAS PARA VEHÍCULO ELÉCTRICO	NEUMARICOS BERBES S.L. (B36609113)	196,82 €
8047/612	SERVIZOS	SERVIZO DE REPARACION DA CÁMARA DE CONEXLADOS E SECADORA	NOVOFRI, S.A. (A36608313)	427,09 €
8048/612	SERVIZOS	SERVIZO DE RECOLLIDA DE RESIDUOS INORGÁNICOS	TOCA SALGADO TOYSAL S.L. (B36625085)	3.150,00 €
8050/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE CATRO DISCOS DUROS PARA SERVIDOR	IAGO COLON MEJERAS "NESI" (36159334E)	704,22 €
8075/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE DÍAS RODAS PARA FURGONETA JUMPY	NEUMATICOS BERBÉS, S.L. (B36609113)	172,06 €
8076/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE COBERTOR PARA PISCINA DE VIGOZOO	HYDRO GLOBAL, S.L. (B32448847)	849,90 €
8079/612	SERVIZOS	SERVIZO DE PROBAS DIAGNÓSTICAS PARA LEMURES	MIRTA CORONEL TRIONFINI "VETERINARIA TAFI" (36169105H)	192,60 €
8080/612	SERVIZOS	SERVIZO DE INSPECCIÓN REGULAMENTARIA DO ASCENSOR	APPLUS NORCONTROL, S.L.U. (B15044357)	101,51 €
8081/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE GASOLIL PARA CALDERA INSTALACION LEMURES	CODISOIL, S.L. (A79322947)	2.010,00 €
8082/612	SERVIZOS	SERVICIO DE REPARACION AIRE ACONDICIONADO	VEOLIASERVICIOS NORTE, S.A.U. (A15208408)	156,09 €
8083/612	SERVIZOS	SERVICIO DE CERTIFICACIÓN DA MINIPALA	DIRECTO DE INGENIERIA, S.L. (B15924194)	302,50 €
8084/612	SERVIZOS	SERVIZO DE MANTENEMENTO INSTALACIÓN SOLAR TÉRMICA EN VIGOZOO	ENERGANOVA, S.L. (B27761105)	588,20 €
8085/612	SERVIZOS	SERVIZO DE MANTENEMENTO DA CLIMATIZACIÓN DO VOLVORETARIO	TERMICA MORRAZO, S.L. (B94009461)	726,00 €

EXPTE	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
8086/612	SERVIZOS	SERVIZO MANTENEMENTO PAXINA WEB SEGUNSO SEMESTRE VIGOZOO	VISUAL PUBLINET,S.L. (B36880094)	360,00 €
8103/612	SUBMINIS- TRO	SUBMINISTRO DE CRISTAIS PARA A INSTALACIÓN DE SURICATAS	VITRALBA S.L. (B36738086)	47,19 €
8138/612	SUBMINIS- TRO	SUBMINISTRO DE PANEIS AGLOMERADOS E PON- TONS	MADERAS DEL NOROESTE,S.L. (B36616548)	176,48 €
8139/612	SUBMINIS- TRO	SUBMINISTRO DE CHAPAS PERFORADAS GALVANI- ZADAS	HIERROS LAGO, S.L. (B36649259)	352,35 €
8140/612	SUBMINIS- TRO	SUBMINISTRO DE PINTURA PARA INSTALACION DE SURICATAS	INDUSTRIAS PROA, S.A. (A36603967)	90,75 €
8141/612	SERVIZOS	SERVIZO DE REPARACION DE AVERIAS NO ASCEN- SOR	ASCENSORES ENOR, S.A. (A36650992)	102,43 €
8144/612	SUBMINIS- TRO	SUBMINISTRO DE PIENSO PARA POTROS	PEREZ GROBA, S.L. (B36906279)	3.212,00 €
8145/612	SUBMINIS- TRO	SUBMINISTRO DE 850 KG. DE POLO	GALLEGA DE ALIMENTACION S.A. (A32013930)	1.451,12 €
8154/612	SUBMINIS- TRO	SUBMINISTRO DE PASTOR ELÉCTRICO PARA LÉMU- RES	GRUPANOR CERCAMPO, S.A. (A81486797)	113,79 €
8155/612	SERVIZOS	SERVIZO DE INSTALACIÓN DUN XIRO FARO E SONI- DO MARCHA ATRAS PARA MINIPALA	DIRECTO DE INGENIERIA,S.L. (B15924194)	502,15 €
8159/612	SUBMINIS- TRO	SUBMINISTRO DE 34 M3 FORMIGÓN PARA CAMIÑOS	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379)	3.291,20 €
8160/612	SERVIZOS	SERVIZO DE VIXILANCIA NOCTURNA NAS INSTALA- CIONES DE VIGOZOO	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA,S.A. (A79252201)	6.765,92 €
8161/612	SUBMINIS- TRO	SUBMINISTRO DE DIVERSOS COMPONENTES IN- FORMÁTICOS	IAGO COLON MEJERAS (INFOSAT GALICIA) (36159334E)	1.345,16 €
8164/612	SUBMINIS- TRO	SUBMINISTRO DE VESTIARIO PARA CONSERVADOR E OFICIAIS COIDADORES	EL CORTE INGLES,S.A. (A28017895)	4.310,17 €
8166/612	SUBMINIS- TRO	SUBMINISTRO DE PRODUCTOS DE LIMPEZA E ASEO	DARLIM, S.L. (B36612562)	403,50 €
8167/612	SUBMINIS- TRO	SUBMINISTRO DE BEBEDEIROS AUTOMATICOS	GRUPANOR CERCAMPO,S.A. (A81486797)	1.252,80 €
8168/612	SERVIZOS	SERVIZO DE MANTENEMENTO CÁMARAS DE VIXI- LANCIA	EQUIPAMIENTO Y SEGURIDAD S.- L.U. (B36634715)	432,59 €
8169/612	SERVIZOS	SERVIZO DE REPARACIÓN DE CADROS ELÉCTRI- COS EN BÓVIDOS SUR	ACELEC, S.L. (B36955763)	4.061,81 €

EXPTE	TIPO	ASUNTO	ADXUDICATARIO	IMPORTE
8187/612	SERVIZOS	SERVIZO DE ALUGUER DUN DUMPER POR 15 DÍAS	XEALCO,S.L	363,00 €
8188/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE 15 M3 FORMIGON PARA ZONA ORYX	TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (B36741379)	1.452,00 €
8214/612	SERVIZOS	SERVIZO DE PODA DE ROBLE AMERICANO E BETULLA	ARBOGAL, S.L. (B36548915)	907,50 €
8215/612	OBRAS	OBRA DE REFORMA DA INSTALACIÓN EXTERIOR DE ORYX	SERTRICON, S.L. (B94078110)	4.477,00 €
8216/612	SERVIZOS	SERVIZO DE REPRACION DA MAQUINA DE CORTE BG300	DELEGACIONES REUNIDAS NOVOFRI, S.A. (A36608313)	321,06 €
8218/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE MATERIAL DE REPOSTO PARA MINIPALA	HERDASIL,S.L. (B36632347)	1.457,55 €
8229/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO MATERIAL DE OBRA PARA INSTALACIÓN SABANA AFRICANA	SILVINO, S.L. (B36989325)	2.498,55 €
8230/612	SUBMINISTRO	SUBMINISTRO DE MATERIAL PARA LABORATORIO	GRUPANOR CERCAMPO,S.L. (B78639978)	1.100,00 €
8231/612	SERVIZOS	SERVIZO DE AUDITORIA DOS SISTEMAS CCTV INSTALADOS	SECURITAS SEGURIDAD ESPAÑA (A79252219)	3.608,53 €
8237/612	SERVIZOS	SERVIZO DE PODA E APEO DE ARBOLADO	EULEN,S.A. (A28517308)	8.000,48 €
12179/306	SERVIZOS	CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL PARA A PROTECCIÓN DE ANIMAIS: CANS MUNICIPAIS	ANA MARÍA COSTAS CARBAJAL	6.763,90 €
12227/306	SERVIZOS	ELABORACIÓN DO ESTUDO DE DIVULGACIÓN DE DOUS SENDEIROS LOCAIS POR CAMIÑOS EXISTENTES NOS MONTES DE VIGO ASOCIADOS AO SENDEIRO PANORÁMICO DE VIGO	XOSÉ ANTÓN FERNANDEZ ROJO	8.470,00 €
12259/306	SERVIZOS	CM PARA CUMPRIMENTAR OS CUESTIONARIOS E DEMAIS INFO PRECISA PARA SOLICITUDE BANDEIRAS AZUIS 2017 E RENOVACIÓN DAS CANDIDATURAS DAS SENDAS AZUIS	NOVOCONTORNO, SL	3.296,40 €
12186/306	SERVIZOS	REALIZAR A ACTIVIDADE FORMACIÓN EN VITICULTURA EN GALICIA RELACIONADA CO MEDIO AMBIENTE E A AGRICULTURA ECOLÓXICA	JUAN JOSÉ FIGUEROA TREUS	2.831,40 €
12234/306	SERVIZOS	PROXECTO DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL E EDUCACIÓN AMBIENTAL PARA A CONSERVACIÓN E PROMOCIÓN DOS PEQUENOS HUMIDAIS DE VIGO	XESTIÓN E INFORMACIÓN AMBIENTAL, SL	8.524,45 €
12192/306	SERVIZOS	CM PARA PROXECTO DIVULGATIVO DOS VALORES NATURAIS DO LITORAL DO CONCELLO DE VIGO, ROLLER INFORMATIVO PRAIAS, PANEIS ORNITOLÓXICOS E SENDAS AZUIS	NOVOCONTORNO, SL	6.586,64 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

14(42).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE TRES DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL BAIXO A MODALIDADE PREVISTO NO ARTIGO 10.1 D) DO RDL 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, DO TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 29226/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12/01/17, dáse conta do informe-proposta de data 11/01/17, do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, conformado pola xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Con data 27 de decembro de 2016, a Xefa do Servizo de Benestar Social, coa conformidade do Xefe da Área e da Concelleira-Delegada da área de Política Social, remite oficio, no que expoñen as necesidades inmediatas de persoal, reiterando a necesidade de dotar ao Servizo dos medios humanos necesarios que garantan a prestación do servizo.

En resposta a dito escrito, mediante instrución de servizo de data 04 de xaneiro de 2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder a maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de tres diplomados/as en traballo social por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, nos termos da solicitude da súa Xefa do Servizo que conta coa conformidade tanto da xefatura da Área como da concelleira-delegada de Política de Benestar, de data 27 de decembro de 2016.

En cumprimento do ordenado, con data 19/12/2016, polo técnico que subscribe, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer. En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente

xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os/as funcionarios/as interinos/as percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 81-Diplomado/a en Traballo social), adscrito ao Servizo de Benestar Social, cód. 301, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantitativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

II. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito da Xefa do Servizo de Benestar Social que conta coa conformidade tanto da xefatura da Área como da concelleira-delegada de Política de Benestar, de data 27 de decembro de 2016, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 04/01/2017, no que se ordena o inicio do presente expediente e no informe do funcionario informante, resultou acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 20.2 da Lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2016, prorrogado para o presente ano 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose a prestación deste servizo como obrigatorio e prioritario, sendo unha das competencias propias das recollidas no art. 25.2.e) e 26,3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro.

III. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de tres diplomados/as en traballo social para o Servizo de Benestar Social, supón un gasto de 56.006,04€, e, ao que haberá que engadirse a cantidade de 18.160,35€ en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto Cód. 81-Diplomado/a en traballo social), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 do vixente orzamento recentemente aprobado para o presente ano 2017.

IV. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no informe técnico-económico que obra no expediente, ao estar esgotada a lista de substitucións derivada da execución da oferta de emprego correspondente ao ano 2008, e necesario recorrer á lista resultante da Bolsa de Emprego de Diplomados/as en Traballo Social formada por acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 2 de maio de 2011, polo que se aproban as bases reitoras do proceso selectivo que permita os referidos nomeamentos e que foron publicadas no BOP de data 31/05/2011. De acordo co anterior, e segundo o informe do técnico de Organización e Planificación de data 11/01/2017, seguindo estritamente a orde da lista e consultados os datos que obran na Área de Recursos Humanos e Formación, corresponde o nomeamento como diplomadas en traballo social das aspirantes núms. núm. 9-SOUTO TABOADA, M^a JULIA, DNI 44.082.107-P, 10-GARCÍA VILA, TANIA, DNI 35.472.937-Z e, 11-MOREIRA SOUTO, CARMEN, DNI

36.110.318-L, que aceptaron expresamente o mesmo e acreditaron nesta Área de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns novos criterios de xestión das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII(43).- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte. 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

Nas bases da referida Bolsa de Emprego, aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 02 de maio de 2011, acordouse expresamente que *"os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado formarán parte dunha bolsa de emprego, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados interinamente como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade o mesmo artigo do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público), e normativa de concordante aplicación. A referida lista servirá como lista suplementaria da derivada da execución da última oferta de emprego público e terá validez ata que se convoque unha nova praza de idénticas características, ben sexa con carácter interino ou nunha vindeira Oferta de Emprego Público, non podendo superar un máximo de tres anos"*.

V. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 19/06/2015, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Diplomados/as en Traballo Social, subgrupo A2 de Titulación, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Benestar Social, contida no escrito do 13/08/16, en consecuencia, autorizar o

gasto por 56.006,04€, xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas como Diplomadas en traballo social, por un período máximo de seis meses, á D^a. M^a JULIA SOUTO TABOADA, DNI 44.082.107-P, D^a. TANIA GARCÍA VILA, DNI 35.472.937-Z e, D^a. CARMEN MOREIRA SOUTO, DNI 36.110.318-L na súa condición de aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na bolsa de emprego autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 02/05/2011 e, no disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, estando suxeito o dito vínculo ao réxime funcional (relación de servizo de carácter temporal, suxeita ao Dereito Administrativo).

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 81-Diplomado/a Traballo Social, sendo adscritas ao Servizo de Benestar Social (cód. 301), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral das funcionarias interinas nomeadas desenvolverase de luns a venres, en xornada continuada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo as aspirantes nomeadas, ao Xefe do Servizo de Benestar Social, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(44).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA DO PLAN DE TRANSFORMACIÓN INTEGRAL. EXPTE. 88/1102.

Dáse conta da proposta de 17/01/17, asinada polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal e a secretaria de do Goberno local, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 4 de novembro de 2016 adoptou o seguinte acordo:

Primeiro.- Impulsar a elaboración do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, coa finalidade de deseñar un marco de actuación estratéxico na aliñación das diferentes obrigas legais no desenvolvemento da utilización das tecnoloxías da información e da comunicación.

Segundo.- A dirección política do Plan corresponderalle ao Concelleiro Ddo. de Xestión Municipal, Persoal, Patrimonio e Administración Electrónica, D. Francisco Javier Pardo Espiñeira, quedando facultado para a adopción das medidas executivas e de desenvolvemento que resulten precisas.

Terceiro.- Constituir, a efectos de garantir a realización dos traballos materiais precisos, a Comisión Técnica do Plan, que se integrará por:

- O Xefe do Servizo de Administración Electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns*
- A Titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo*
- A Secretaría do Goberno Local, Dna. M^a Concepción Campos Acuña*
- O Tesoureiro Municipal, D. Luis García Álvarez*
- A Xefa de Servizo de Inspección de Tributos, Dna. M^a del Carmen Pazos Area que poderá propoñer ao órgano competente a adopción das medidas necesarias para garantir a consecución dos obxectivos previstos no Plan.*

Cuarto.- Todas as áreas e servizos municipais deberán colaborar no desenvolvemento dos traballos de elaboración, desenvolvemento e execución do Plan, e cando así resulte oportuno, a Comisión Técnica propondrá ao Concelleiro responsable a constitución, mediante a respectiva resolución, de Grupos de Traballo Sectoriais nos que deberán integrarse, alomenos, os responsables das áreas e servizos municipais afectados, aos que corresponderá a responsabilidade na tramitación dos expediente que afecten ao seu ámbito competencial que se deriven do Plan, coa correspondente emisión de informe-proposta e seguimento na súa execución.

Quinto.- De resultar necesario, para a concreción deste Plan, o despliegue de produción normativa local á que resulte de aplicación o tramite de consulta pública previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, ésta desenvolverase, con carácter previo á redacción do texto normativo, a través de <https://consulta.vigo.org/>, durante un prazo de 20 días hábiles.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo aos afectados, notificar individualmente a todos os Xefes de Área e de Servizo e ordear a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e do conxunto da organización municipal.

En execución do mesmo reuniuse a Comisión Técnica do Plan o día 7 de novembro, coa totalidade dos seus membros, e no marco dos traballos encomendados identificáronse diferentes áreas da xestión municipal que requirían dunha actuación específica a través da

constituición de Grupos de Traballo sectoriais, nomeadamente, o GT do rexistro electrónico, de seguridade e de contratación electrónica.

En paralelo ao desenvolvemento dos traballos do Plan, dende esta Concellería valorouse a necesidade de ampliar a composición da Comisión Técnica, para integrar na mesma ao titular da Intervención Xeral, dada a transversalidade da súa función, dende a que pode contribuír moi positivamente ao desenvolvemento das tarefas asignadas á Comisión Técnica.

Polo exposto e conforme á Resolución de delegación de competencias da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 corresponden á Concellería Delegada de Xestión Municipal e Administración Electrónica as competencias en materia de administración electrónica, sinaladamente, entre outras, a de propor e coordinar a política municipal TIC dunha forma transversal, integrando os intereses das distintas áreas ou servizos, polo que, de conformidade coas mesmas, e o acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de novembro, citado nos antecedentes, e conforme á delegación de competencias efectuada pola Alcaldía por Resolución de data 10 de xuño de 2015 de *“aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividades e/ou servizos de competencia municipal, mesmo as que se realicen para a dirección e impulso dos servizos”* formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Ampliar a composición da Comisión Técnica do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo, integrando na mesma ao Titular da Intervención Xeral Municipal, D. Alberto Escariz Couso.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Interventor Xeral, aos membros da Comisión Técnica, aos membros dos Grupos Sectoriais constituídos, ao Concelleiro- delegado de Xestión Municipal, Persoal, Administración Electrónica e Patrimonio.

Terceiro.- Ordenar a súa publicación na Intranet municipal, na Sede electrónica municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Vigo, para asegurar o xeral coñecemento do mesmo pola cidadanía e do conxunto da organización municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

16(45).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez